

I XORNADAS DE CINE DO ROSAL

Na
Abadía
das
Eiras

entrada libre
ata completar aforo



CINEMA

SETEMBRO 2021

Venres 17 ás 20:30

O Coitado Nato (curta do Grupo San Roquiño)

A Poeta Analfabeta (documental de Sonia Méndez)

Coloquio

Sábado 18 ás 20:30

A Typical Morning (curta de Arancha Brandón)

Xoves de Comadres (curta de Noemí Chantada)

Os Traballadores do Contrabando (documental de Víctor Coyote)

Coloquio

se chove, as proxeccións trasládanse ao auditorio municipal

Patrocina
CONCELLO



Organizan

Concellalía de cultura
e X.G.

Colaboran



Venres 17 de setembro.

O Coitado Nato.

Producida polo Grupo San Roquiño.


Ano 2020.

Duración, 5 minutos

Feito en dúas tardes con presuposto cero euros.

Atrezzo doado polo pobo de Goián.

As localizacións, casas e eidos deixados desinteresadamente polos veciños.



Trátase dunha nai que quere casar as fillas pouco espabiladas e ve no Nato a esperada oportunidade.

O Nato é un indiano que retorna de Venezuela despois de moitos anos, suponse que solteiro e padre de cartos, o que se di un bo partido para calquera moza casadeira.

Pronto se verá que está máis interesado no propio bandullo que nos amoríos.

San Roquiño é un grupo de goianasas e goianeses que ten como obxectivo a elaboración de proxectos cinematográficos tratando sempre de recopilar a historia do noso pobo, tendo en mente, sobre todo, acadar que as novas xeracións de goianeses e goianasas coñezan a historia do seu pobo.

Todo isto feito de maneira desinteresada e sen gastar ningún peso, xa que cada compoñente do grupo aporta o que estea ó alcance da súa man. Compre destacar que todos estes proxectos non serían posibles sen a inestimable axuda de todo o pobo de Goián.

Grupo San Roquiño :

<https://gruposanroquinho.jimdofree.com>

<https://www.youtube.com/channel/UCubSNG0OnCnAuxubFsz5cWg>

A Poeta Analfabeta.

Directora,

Sonia Méndez

Productora executiva,

Nati Juncal Puertas

Directora de fotografía,

Lucía C. Pan

Montaxe,

Víctor H. Seoane.

Son directo,

Javi Pato

Posproducción de son,

Javi Pato

Mestura de son,

David Machado

Posproducción de imaxe,

Alfonso Merino,
Alfonsín Digital Lab

Músicas,


Habelas Hainas,
laura Lamontagne

Estrea,

12/11/2020

Duración

71 minutos



A directora.

<https://www.crea.gal/membro/sonia-mendez>

A productora.

<http://www.cosmicproductions.gal/>

A Poeta Analfabeta é unha película documental que retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria.

Aos seus 89 anos é unha das voces vivas da emigración galega, da que voltou pobre pero cunha fonda consciencia da súa identidade, a súa lingua e o seu xénero. Luz é testemuña das realidades máis duras do século XX. Por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser roxa.

O relato do documental xira en torno ao seu retrato: a súa historia de vida, a súa loita política e a súa obra poética pero tamén en torno a aquilo que Luz xera ao seu redor e que conforma o seu legado, porque para moita xente Luz é un referente, case unha icona.

Luz é unha muller brava, unha persoa fundamente política e un ser cunha humanidade excepcional. Como entende o mundo esta poeta que a pesar do tremor das súas mans escribe todos os días? Que a move a tal esforzo?

Marina Luz Fandiño Rodríguez, naceu no barrio de Sar en Santiago de Compostela en 1931, é unha escritora e activista galega.

En 1952 emigrou a Arxentina, e en 1964 emigra de novo a Francia. No ano 1979 retorna definitivamente a Galicia, a Santiago de Compostela onde reside.

Colabora en diferentes publicacións galegas, no programa Diario Cultural da Radio Galega, coas Redes Escarlata, Mulheres Trasgredindo e Mar de Tinta. Reivindica a lingua e o poder transformador da poesía.

Segue en activo, escribindo diariamente e acudindo a centros sociais, colexios e institutos a dar charlas sobre a súa estada na emigración, os seus poemas e a súa visión da vida.

No ano 2019 foi agasallada pola Asociación Cultural Agromadas de Seixalbo co XI Premio Freire Carril.

(Wikipedia)

https://gl.wikipedia.org/wiki/Luz_Fandiño

Entrevista con Luz

<https://youtu.be/PcNZr4b3IFQ>

Sábado 18 de setembro

A Typical Morning

Dirección,

Arancha Brandón

Narración


Delia Brandón

Edición vídeo

Arancha Brandón

Música

Denis Carballás



Tras o achado de dous animais no río emerxen lendas e recordos sobre a infancia no rural galego dos anos 60. Unha viaxe surrealista entre o pasado e o presente a través das vivencias da mai da directora.

Festivais:

Festival Internacional de Cortometrajes de La Plata (Buenos Aires); Festival Internacional de Cine Independiente de Barcelona L'Alternativa; Festival Internacional de Cine Novos Cinemas; Festival Internacional de Cine Documental Play Doc; Festival Internacional de Cine Curtocircuíto (SDC).

A autora:

<https://www.aranchabrandon.com>

Xoves de Comadres

Produción

Islandia Producións

Guión

Noemí Chantada

Fotografía

Paula Pez

Música

Su Garrido Pombo, Grupo As Auras,
Xiada

Montaxe

Óscar Pardo

Reparto

Noelia Castro, Aurora Mestre

Duración

19 minutos



Noemí Chantada

Vigo 1982.

Durante os últimos quince anos traballa como directora de fotografía e cámara. No 2016 funda a produtora Islandia Producións para así poder desenrolar outros proxectos. No 2017 estrea unha curta documental, A Muller Invisible, con moi boa acollida nos festivais e entre o público. Posteriormente dirixe xunto a Óscar Pardo o documental Sorrisos Transformadores. No 2019 estrea Xoves de Comadres, que é o que se presenta nesta I Mostra de Cine do Rosal.

Entrevista

<https://youtu.be/wbF7G-t2Rd0>

Os Traballadores do Contrabando

Documental

Ano 2006.

Duración:

53 min.

Produción:


Alen Filmes e T.V.G.

Guión e Dirección:

Victor Aparicio Abundancia

Dirección de Fotografía:

José Miguel Soto



Os Traballadores do Contrabando

Este documental é a historia das persoas, dos traballadores do contrabando. A descrición dos feitos, os lugares onde acontecía, a maneira de vivir dos acontecementos nunha sociedade pequena e pechada, cos seus enfrontamentos e reunións, teñen para nos una dimensión humana que sen dúbida poden mostrar mellor una forma de vida en tempos certamente moi difíciles.

Víctor Coyote:

<https://www.victorcoyoteaparicio.org>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Víctor_Coyote